Exposición

"A EVOLUCIÓN DA AGRICULTURA E A SÚA INCIDENCIA NO PATRIMONIO INMATERIAL DO CONCELLO DE TRAZO"

O día 7 de Novembro de 2012 veu ao cole o profesorado do CPI de Trazo viñeron ao cole para darnos unha charla ao alumnado de 6º, sobre a evolución da agricultura e a súa incidencia sobre o patrimonio inmaterial no concello de Trazo.

O CPI de Trazo participou nun concurso organizado pola Fundación Antón Fraguas con sede no Museo do Pobo Galego. O obxectivo era dar a coñecer o patrimonio cultural inmaterial de actividades humanas relacionadas coa agricultura e que non se perda nas seguintes xeracións. O patrimonio cultural non se limita a monumentos e colecciónsde obxectos, pero tamén inclúe tradicións ou expresións vivas herdadas dos nosos devanceiros e pasados para os nosos descendentes, como tradicións orais, prácticas sociais, rituais, eventos festivos, coñecementos e prácticas concernentes á natureza e ao universo, e coñecemento e habilidades relacionadas co artesanía tradicional.

Primeiro explicáronnos que hai que facer para participar nun concurso:

1º. Consultar as bases e os requisitos.

2º. Preguntar en que vamos participar e estudalo.

3º. Elaborar un proxecto en común (que recursos posuímos, como imos estudar e cando; por exemplo as témporas: era unha forma antiga de saber que tempo meteorolóxico vai acontecer nos seguintes meses.)

Para elaborar un proxecto necesitamos presentar unha serie de cuestións:

1º. Que imos estudar? Neste caso a evolución da agricultura e o seu patrimonio inmaterial.

2º. Que recursos posuímos? Físicos e humanos (neste caso o alumnado de 12 a 16 anos).

3º. Como os imos estudar? Tipoloxía de traballo. Recollida de información: Análise da información en grupos pequenos.

4º. Cando o imos estudar?

Exemplo de periodización. Realización do traballo.

Por exemplo recollida de refráns:

Polo San Blas,
as primeiras patacas plantarás.

Exemplo de adiviña:

Nace no monte,
Vive na fonte,
Vai para casa,
Baila coa rapaza.
Que é?

Despois de organizar a información obtida por distintas fontes (familias, censos, fotografías antigas, etc.) está a selección de materiais, elaboración dos paneis que formen un conxunto global e a exposición dos distintos traballos.

Estes son algúns títulos dos paneis da exposición:

- *Presentación do concello*
- *Poboación e a economía*
- *Os refráns*
- *As témporas*
- *O 1º de maio bendición dos campos para obter boas colleitas*
- *Herbas medicinais para persoas e animais*
- *Fotografías antigas que reflexan actividades agrarias (malla,…)*

A exposición foi premiada co 1º premio na VII edición da convocatoria de proxectos didácticos da fundación Antón Fraguas, o que é un orgullo para o todo o colectivo que traballou no proxecto e para as persoas que colaboraron coa aportación de fotos, documentos, refráns, etc.

Zuriñe Pérez, Patricia Sanmiguel,
Manuel Rico, Anair Ramos. 6º C